

# Paz Andrade nomeado socio de honra

SANTIAGO

---

## DELEGACION

O histórico intelectual galeguista Valentín Paz Andrade será nomeado socio de honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega, segundo o acordo tomado pola directiva de esta corporación profesional. A distinción, outorgada anteriormente tan só a Anxel Fole, Ricardo Carballo Calero, Xosé Ramón Fernández Ojea ("Ben-cho-Shey") e Alvaro Cunqueiro, coincide con outros homenaxes que na actualidade se lle es-

tán rendindo a Paz Andrade, quen, como se sabe, recibirá oficialmente o Premio "Otero Pedrayo" o próximo día 22 de xuño.

Paz Andrade, que acaba de cumprir 87 anos, participou, xunto a Ricardo Carballo Calero e Francisco Fernández del Riego, no primeiro intento de crear unha asociación de escritores en Galicia, tentativa que resultaría frustrada pola guerra civil de 1936. O biógrafo de Castelao recupérase actualmente de un proceso bronconeumónico na súa residencia de Vigo.